

LUNS, 19 DE MARZO DE 2018 LUNS, 19 DE MARZO DE 2018 | BOP NÚMERO 53

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución de inscrición e publicación da acta da comisión paritaria do convenio colectivo comercio vario da provincia da Coruña*

Logo de ver o texto do acta do 01-02-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo COMERCIO VARIO (código de convenio 15003955012002), na que se dispón sobre o ámbito de aplicación das empresas de aluguer de coches da provincia da Coruña.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña é competente para resolver a inscripción da acta do 01-02-2018 da comisión negociadora do convenio colectivo COMERCIO VARIO, e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición da acta do 01-02-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo COMERCIO VARIO no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión da acta do 01-02-2018 da comisión paritaria do convenio colectivo COMERCIO VARIO ó Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 13 de marzo de 2018.

O xefe territorial de Economía, Emprego e Industria

Isidoro Martínez Arca

  
[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

### ACTA DA COMISIÓN MIXTA DO CONVENIO COLECTIVO DE COMERCIO VARIO DA PROVINCIA DA CORUÑA

En A Coruña, sendo as 09.30 horas do día un de febreiro de dous mil dezaoito, reúnense as persoas sinaladas a continuación:

#### Parte empresarial:

Marina Graña Bermúdez (CEC), en representación da Asociación de Empresarios de Óptica de A Coruña.

Julia Pardo Lale, en representación da Asociación de Empresarios de Comercio Textil.

#### Parte sindical:

Juan Zas Candame, en representación de CC.OO. Servizos

Alejandro Expósito Alonso, en representación de UGT-FeSMC

**Orde do día:** consulta plantexada polo responsable de negociación colectiva da CIG-Servizos, Roberto Alonso Iglesias, sobre o ámbito de aplicación das empresas de aluguer de coches da provincia da Coruña.

Esta comisión mixta, depois de realizar as deliberacións correspondentes sobre esta consulta, DICTAMINA que as empresas de aluguer de coches da provincia da Coruña, que non estean dentro do ámbito funcional doutro convenio de

sector ou empresa, entran dentro do ámbito de aplicación do artigo 1 do convenio colectivo de comercio vario da provincia da Coruña.

As partes acordan habilitar ao persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para que realice as xestións oportunas para o rexistro desta acta.

E non tendo máis asuntos que tratar, finaliza a reunión sendo as 10.00 horas.

---

2018/2044

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)